



APE GALICIA – NOVAS

- ✓ INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN ITINERANTE MULLERES ENXEÑEIRAS DE ÉXITO

INFORMACIÓN PARA AUTÓNOMOS

- ✓ PUBLICACIÓN DO PROGRAMA APROL-ECONOMÍA SOCIAL: SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPRENDIMENTO EN ECONOMÍA SOCIAL
- ✓ PUBLICACIÓN E CONVOCATORIA DAS SUBVENCIÓNS PARA A PROMOCIÓN DO AUTOEMPREGO E A ACTIVIDADE EMPRENDEDORA DIRIXIDA A PERSOAS EMIGRANTES GALEGAS RETORNADAS
- ✓ PUBLICACION DAS SUBVENCIÓNS PARA A TRANSFORMACIÓN DIXITAL, INNOVACIÓN E MODERNIZACIÓN DO SECTOR COMERCIAL E ARTESANAL
- ✓ PUBLICACION DAS SUBVENCIÓNS PARA APOIAR INCIATIVAS DE EMPRENDIMENTO
- ✓ PROGRAMA DE AXUDAS PARA IMPLANTAR A IGUALDADE LABORAL, A CONCILIACIÓN E A RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL
- ✓ AXUDAS AOS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO PARA A INTEGRACIÓN LABORAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

OUTRAS NOVAS

- ✓ REMATA A IMPARTICIÓN DO CERTIFICADO PROFESIONAL DE “XESTIÓN DE CHAMADAS DE TELEASISTENCIA”

APE GALICIA - NOVAS

❖ INAUGURACIÓN EXPOSICION ITINERANTE MULLERES ENXEÑEIRAS DE ÉXITO

O decano dos Enxeñeiros técnico de Vigo invitou a APE Galicia á inauguración da Exposición itinerante “Mulleres enxeñeiras de éxito” o día 1 de febreiro.

A exposición puido visitarse ata o 15 de febreiro na Sede do Campus da Escola de Enxeñeira Industrial na rúa Torrecedeira en Vigo.

Esta exposición uníase aos actos celebrados con ocasión da celebración do Día Internacional da Muller e Nena na Ciencia que tivo lugar o 11 de febreiro.

❖ ALMORZO COLOQUIO COA CONSELLEIRA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

O 7 de febreiro dentro do ciclo de almozos coloquios que ven organizando o Círculo de Empresarios de Galicia, tivo lugar o encontro coa Conselleira de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia, M^a Jesús Lorenzana no que, diante de empresarios e asistentes ao acto, entre os que se atopaba o presidente de APE Galicia, a titular do departamento de economía e industria, destacou o músculo industrial de Galicia a asegurou que a Xunta seguirá atraballar na senda da estabilidade e do apoio ao tecido empresarial para incrementar o peso da industria no PIB galego e consolidar o crecemento da economía galega.

❖ AEGAMA CELEBRA UNHA NOVA EDICION DO PREMIO VICTORIANO REINOSO

O día 29 de febreiro, no Hotel Eurostars Tower de Madrid tivo lugar a entrega, un ano máis do premio Victoriano Reinoso por parte da asociación de empresarios en Madrid, AEGAMA.

Nesta nova edición, o recoñecemento foi para o empresario viveirense **Francisco Vale**, actual CEO de Unilusión.

Con este galardón a AEGAMA quere recoñecer a traxectoria profesional deste xestor e empresario nacido en Viveiro e que emigrou a París onde iniciou a súa carreira profesional no sector dos servizos de limpeza na década dos 80 e que, tras pasar por todos os postos, foi nomeado director xeral de La Providence asumindo a responsabilidade de 13.000 empregados.

Mais tarde creou a súa propia empresa chegando a traballar con empresas como LÓreal, Danone, BNP... No 2011 foi elixido por SAMSIC para ocupar a Dirección xeral e regresar así a España, posto que ocupou ata 2020. Actualmente é CEO de Unilusión.

O presidente de APE Galicia trasladouse a Madrid para estar presente neste acto de entrega do galardón a Francisco Vale e así participar neste recoñecemento que a asociación de empresarios en Madrid fai cada ano a personalidades destacadas no mundo empresarial do mesmo xeito que en edicións anteriores o fixeron coa traxectoria de Miguel Carballeda, presidente da ONCE ou Miguel Carrero do Grupo PSN.

❖ CREACIÓN DA MESA TERRITORIAL PARA A AXENDA URBANA E RURAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

O 29 de febreiro a Deputación de Pontevedra convocou a APE Galicia a 1ª Mesa para a elaboración da Axenda Urbana e Rural da Provincia de Pontevedra – AUPO2030.

Na reunión celebrada no Salón de Plenos, e na que participou a secretaria xeral da nosa asociación, o presidente da Deputación de Pontevedra, Luis López, presentou a alcaldes, técnicos e integrantes do tecido asociativo das comarcas de O Morrazo e Pontevedra, a estratexia do executivo provincial "para construír unha provincia sensible co cambio climático, que coida da súa veciñanza e que ofrece servizos de calidade en todo o seu territorio", según palabras do presidente da Deputación, quen tamén asegurou que os criterios desta Axenda Rural e Urbana rixen a acción de goberno da Deputación e, neste sentido, deu conta das iniciativas levadas a cabo polo seu executivo neste contexto, que pasan, según enumerou, pola activación do emprego nos concellos, o apoio ás entidades locais para redactar e executar proxectos transformadores e mellorar os servizos ou no traballo conxunto con outras administracións para mellorar os espazos públicos.

A elaboración do Plan de Acción da AUPO contará cun amplo proceso de participación cidadá; e neste proceso é vital a colaboración e implicación de organizacións como APE Galicia.

❖ REUNIÓN EXTRAORDINARIA DA ASAMBLEA XERAL DO GALP RÍA DE PONTEVEDRA

O venres, 23 de de febreiro celebrouse no Museo Torres de Marín unha assemblea xeral extraordinaria do GALP Ría de Pontevedra no que se presentaron os proxectos aprobados en 2023 así como se facilitou información sobre a convocatoria de axudas ao abeiro da EDLP 2024, na que dos 29 proxectos inscritos ata o momento, a maioría son de carácter social fronte aos de tipo empresarial e localízanse, principalmente, nos concellos de Sanxenxo e Poio.

Alguns destas propostas abordan a posta en valor do percebe a través da pescaturismo, a promoción do traballo das mulleres no mar, o fomento da economía circular, a implantación de deportes náuticos adaptados como a vela ou a realización dun taller sobre a cociña dos barcos.

Entre os puntos destacados da orde do día atopábasea elección da nova Xunta Directiva.

Por unanimidade reeleixiuse a María del Carmen Vázquez Nores, patrona maior da Cofradía de Pescadores de Lourizán, como presidenta.

A concelleira de Bueu, Silvia Carballo, foi nomeada vicepresidenta; e o alcalde de Poio, Ángel Moldes, como secretario e como tesorera está Paula Martínez, concelleira de Sanxenxo. A Xunta Directiva a completan 15 vocais, en representación das diferentes entidades e administracións que conforman as catro mesas sectoriais do GALP (sector pesquero, económico e laboral, público e social).

INFORMACIÓN PARA AUTÓNOMOS

❖ PROGRAMA APROL-ECONOMÍA SOCIAL: SUBVENCIONES PARA O FOMENTO DO EMPRENDEMENTO EN ECONOMÍA SOCIAL

O DOG do 1 de febreiro publica as bases reguladoras do programa APROL-ECONOMÍA SOCIAL mediante o cal establécense as bases da convocatoria de subvencións orientadas a facilitar a incorporación das persoas desempregadas ou traballadoras como socios e socias traballadoras ou de traballo nas cooperativas ou sociedades laborais galegas.

Co obxectivo de fomentar a incorporación de persoas desempregadas e persoas traballadoras temporais a cooperativas e sociedades laborais establécense dous programas:

- Un dirixido a fomentar o emprego en cooperativas e sociedades laborais.
- Outro dirixido a fomentar o acceso á condición de persoas socias traballadoras ou de traballo de cooperativas ou de sociedades laborais, así como o fomento do acceso de persoas emprendedoras por conta propia á condición de socias de cooperativas, a través da financiación das aportacións económicas ao capital social.

Poderán beneficiarse destes programas as cooperativas e sociedades laborais. O programa II vai dirixido a persoas desempregadas, socias ou traballadoras de cooperativas ou sociedades

laborais doutras empresas que se transformen nestas.

As solicitudes para participar no programa poden presentarse ata o 16 de setembro de 2024, excepto que se esgote o crédito.



❖ SUBVENCIONES PARA A PROMOCIÓN DO AUTOEMPREGO E A ACTIVIDADE EMPREDEDORA DIRIXIDA A PERSOAS EMIGRANTES GALEGAS RETORNADAS

Dentro do paquete de medidas da Xunta de Galicia no marco da Estratexia Retorna 2023-2026, o DOG do 2 de febreiro publica as bases para a concesión das axudas para promover o autoemprego e a actividade emprendedora na Comunidade Autónoma de Galicia das persoas emigrantes galegas retornadas. A convocatoria esta aberta ata o 30 de setembro de 2024.

O importe máximo da subvención concedida será de 10.000 euros.

Poderán ser beneficiarias destas subvencións as seguintes persoas que, residindo fóra de España, se establezan na Comunidade Autónoma galega:

1. As persoas galegas e nadas en Galicia.

2. Os/As cónxuxes ou persoas con unión análoga á conxugal e os/as descendentes por consanguinidade das persoas galegas e nadas en Galicia.

Para poder solicitar a axuda, é preciso presentar un informe de viabilidade económica e financeira dunha entidade independente ao Plan de negocio empresarial requerido según o anexo II da convocatoria que se pode consultar no seguinte enlace.

❖ SUBVENCIÓNS PARA A TRANSFORMACIÓN DIXITAL, INNOVACIÓN E MODERNIZACIÓN DO SECTOR COMERCIAL E ARTESANAL

A Consellería de Economía, Emprego e Innovación publica no DOG do 2 de febreiro a convocatoria de axudas coas que se pretende que os comercios retallistas e os obradoiros artesanais se adecúen á nova realidade e introduzan novas tecnoloxías dirixidas a transformar dixitalmente os seus negocios dunha forma progresiva e coherente coas necesidades do sector.

Poderán beneficiarse desta subvención as persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens sempre que cumpran os requisitos establecidos, como comercios retallistas ou obradoiros artesanais.

No programa de axudas contémpanse varias liñas de axudas en función de que os comercios teñan tenda físico ou que se trate de obradoiros artesanais.

O prazo de solicitude está aberto ata o 4 de marzo.

❖ SUBVENCIÓNS PARA APOIAR INICIATIVAS DE EMPRENDIMENTO

XUNTA DE GALICIA
AXUDAS AO EMPRENDIMENTO – 2024
Apoios para facilitar as iniciativas de emprendemento, contribuíndo ao incremento da súa actividade económica e a súa competitividade, e mantendo empregos de calidade

Orzamento 6.500.000 €
Prazo aberto desde o 12 de febreiro ata o 28 de xuño de 2024

Persoas beneficiarias
Persoas traballadoras autónomas, mutualistas, pequenas e medianas empresas, sociedades cooperativas e laborais, empresas de inserción e Centros Especiais de Emprego que, entre outros:
→ Teñan domicilio fiscal en Galicia.
→ Constituídas/dadas de alta e que iniciasen a súa actividade económica no período que transcorre entre o 1 de xaneiro de 2022 ata a data de presentación da solicitude.
→ Teñan presentado, segundo corresponda, as contas anuais do último ano no Rexistro Mercantil ou no Rexistro de Cooperativas.
→ Non obtivesen resolución favorable na convocatoria desta axuda nos anos 2022 ou 2023.

Conceptos subvencionables
Os investimentos en propiedade xa realizados e pagados entre o 30 de setembro de 2023 e a data de solicitude, vinculados de xeito indubidable ao proxecto empresarial, no eido de:
→ Equipamento informático.
→ Activos intangibles (sen materialización física ou financeira).
→ Investimentos en eficiencia enerxética.
→ Bens de equipamento e mobiliario.
→ Gastos notariais e/ou rexistrals.
→ Gastos de aluguer de inmobles para a realización da actividade (achegar contrato de arrendamento).
→ Reforma e habilitación das instalacións do local de negocio.
→ Activos pertencentes a un establecemento ou bens de equipo de 2ª man sempre que:
1. Os activos se adquiran a unha persoa non relacionada coa persoa emprendedora*.
2. Consta declaración da persoa vendedora sobre a orixe dos activos e de que non foron obxecto de ningunha subvención nacional ou comunitaria.
3. Se acredita por taxador/a independente ou por empresa administradora de bens da mesma tipoloxía que o prezo de compra non é superior ao valor de mercado.
* Non aplica se a persoa emprendedora que continúa coa empresa é membro da familia da persoa propietaria inicial, ou unha empresa que se faga cargo da empresa para continuar a actividade.

Máis información: ☎ 012 | 881 995 972 | 881 995 973 | 881 995 974

O obxectivo desta axuda económica é dar apoio ao emprendemento para as persoas traballadoras autónomas e pemes, incluíndo cooperativas e sociedades laborais que se atopen de alta e inicien a súa actividade económica desde o 1 de xaneiro de 2022 en Galicia.

Teñen a finalidade de facilitar as iniciativas de emprendemento, contribuir ao incremento da súa actividade económica e a competitividade, mantendo empregos de calidade, apoiando a financiación da inversión realizada e pagada entre o 30 de setembro de 2023 e a data da presentación da solicitude.

A porcentaxe da axuda será diferente en función do rango da inversión total realizada, que vai desde o 30 ata o 60% da inversión.

Serán beneficiarias as persoas traballadoras autónomas ou mutualistas e as pemes e sociedades cooperativas e laboráis así como as empresas de inserción e centros especiais de emprego que cumpran, entre outros cos seguintes requisitos: domicilio fiscal en Galicia, terse constituído ou dado de alta e ter iniciada actividade económica entre o 1 d xaneiro e 2022 e a data de presentación da solicitude.

Serán subvencionables desde a adquisición de equipamento informático, Activos intangibles: activos que non teñen unha materialización física ou financeira, o investimento en eficiencia enerxética, a adquisición de bens de equipamento e mobiliario, tamen a reforma e habilitación das instalacións do local de negocio, así como gastos notariais e/ou rexistrais, gastos de alugamento de inmobles para a realización da actividade e a adquisición de activos pertencentes a un establecemento ou de bens de equipo de segunda man.

❖ AXUDAS PARA IMPLANTAR A IGUALDADE LABORA, A CONCILIACIÓN E A RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL



O DOG do 6 de febreiro publicaba a convocatoria de axudas e incentivos dirixidos a pemes e persoas traballadoras autónomas con persoas a cargo, para implantar a igualdade laboral e tamén para implantar sistemas de

xestión de responsabilidade social empresarial no ámbito da comunidade autónoma galega.

O programa estruturase en tres liñas de axuda:

1. Para a elaboración e implantación de plans de igualdade
2. Para a conciliación (con varias subliñas dependendo de se trata de fomentar o teletraballo, a flexibilidade horaria ou a adquisición de elementos tecnolóxicos para posibilitar ese teletraballo)
3. Para a obtención de certificacións de RSE.

As bases publicadas establecen as contías das axudas que variarán dependendo da liña de axuda solicitada.

O prazo para solicitar esta axudas é dun mes desde a publicación no DOG, polo tanto rematará o 6 de marzo de 2024.

❖ AXUDAS AOS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO PARA A INTEGRACIÓN LABORAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

Durante este mes de febreiro publicouse tamén o programa de axudas establecidas pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade dirixida aos centros especiais de emprego co fin de garantir a empregabilidade das persoas con discapacidade.

As axudas van dirixidas á creación de postos de traballo estables para persoas con discapacidade, tamén para adaptar postos de traballo e asistencia técnica nos centros especiais de emprego e por último, para o mantemento do custo salarial das persoas con

discapacidade empregadas nestes centros especiais de emprego.

O prazo de solicitude destas axudas será de 15 de febreiro ata o 14 de marzo, o periodo subvencionable comprenderá desde o 1 de decembro de 2023 ata o 30 de novembro de 2024.



❖ REMATA O CERTIFICADO PROFESIONAL “XESTIÓN DE CHAMADAS DE TELE ASISTENCIA”.

O 23 de febreiro e despois de rematar o módulo de prácticas non laborais e de cursar os módulos transversais, dimos por clausurada a formación dirixida a persoas desempregadas e encaminada a obter o Certificado profesional de Xestión de chamadas de teleasistencia, que no mes de novembro comezaran 15 persoas desempregadas.

Durante este mes desenvolveron as 80 horas de prácticas non laborais en varias empresas da zona para así poñer en práctica os coñecementos adquiridos e completar o Certificado profesional.

As empresas e entidades colaboradoras no desenvolvemento desta parte da acción formativa foron:

- Asociación BOA VIDA
- Asociación AMIZADE
- Hospital IDC Quirón
- AFAPO
- ALBROSKA Seguros
- LARIÑO Seguros, SL
- CIM do Concello de Moaña
- Consultores Casal e Asociados
- SAT Solla
- GALAÚREA
- GERPESA Social
- Clinicas EBAM

As persoas alumnas participaron remataron con éxito esta parte do certificado e fixeron unha valoración moi positiva da mesma.

Este certificado oficial acredita aos alumnos e alumnas emitir e xestionar as chamadas para prestar o servizo de teleasistencia ou atención ao usuario manexando as ferramentas telemáticas, técnicas de atención telefónica e habilidades psicosociais, xestión administrativa e documental, coordinación e mobilización de recursos persoais, sociais e de traballo en equipo.

Poderán desenvolver a súa actividade profesional no ámbito público e privado, por conta allea, en calquera organización que dispoña de Cento de Atención para prestar servizos de teleasistencia ou ao usuario, baixo a supervisión dun profesional competente de nivel superior.

Para mais información, visita as nosas webs:

<http://www.apegalicia.gal/>

O nas nosas redes sociais:



<https://www.facebook.com/ApeGalicia>



https://www.instagram.com/ape_galicia/

APE GALICIA

Tfno.: 986 89 16 57

Móvil: 697 195 540

E-mail:

info@apegalicia.es

Dirección: Gajos de
Mendoza Nº2, Bajo 2 -
36001 Pontevedra

